

Lei 5/1993, do 16 de abril, de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, así como de determinación do incremento retributivo para 1993, e concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil seiscientos oitenta e tres millóns de pesetas (2.683.000.000 de ptas.)

Tramitación parlamentaria:

Proxecto de lei, BOPG núm. 379, do 6.3.1993.

Acordo de tramitación polo procedemento de lectura única, DSPG núm. 149, do 9.3.1993; BOPG núm. 383, do 18.3.1993.

Debate e aprobación polo Pleno en lectura única, DSPG núm. 151, do 23.3.1993.

Publicación:

Boletín Oficial do Parlamento de Galicia núm. 396, do 21.4.1993.

Diario Oficial de Galicia núm. 84, do 5.5.1993.

Boletín Oficial del Estado núm. 131, do 2.6.1993.

Lei 5/1993, do 16 de abril, de concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma, así como de determinación do incremento retributivo para 1993, e concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil seiscientos oitenta e tres millóns de pesetas (2.683.000.000 de ptas.)

A Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992, establece no seu artigo 5, apartado Catro, parágrafos primeiro e terceiro, que o incremento medio do 5% a que se refiren os apartados Un e Tres será revisado pola Administración da Comunidade Autónoma, se unha vez coñecido o incremento do índice de prezos ó consumo determinado a nivel nacional de novembro de 1991 a novembro de 1992 fose superior ó citado 5%, e que a liquidación da diferenza correspondente se aboará en todo caso no exercicio seguinte.

Pola súa banda, a disposición transitoria terceira da Lei 14/1992, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1993, establece: «Se durante a execución presupostaria as retribucións ás que se refire o artigo 4.1 desta lei experimentasen algún incremento para o persoal ó servicio da Administración do Estado, o Consello da Xunta

poderá realizar un anticipo de tesourería con obxecto de que o persoal ó servicio da Comunidade Autónoma poida percibilo nas mesmas condicións.

Remitiráselle ó Parlamento o proxecto de lei que recoñeza a citada modificación.

As retribucións dos altos cargos para 1993 serán as establecidas no artigo 5.

Tendo en conta o anterior e ó abeiro do establecido no Real decreto-lei 1/1993, do 8 de xaneiro, sobre medidas urxentes en materia de gasto de persoal activo e concesión dun suplemento de crédito por importe de 80.027 millóns de pesetas, procede a concesión dun crédito extraordinario para satisfacer os mencionados incrementos retributivos ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma.

Por todo o exposto, o Parlamento de Galicia aprobou e eu, de conformidade co artigo 13.2 do Estatuto de Galicia e co artigo 24 da

Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, promulgo, en nome de El-Rei, a Lei de concesión dunha paga ó persoal ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma, así como de determinación do incremento retributivo para 1993, e concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil seiscientos oitenta e tres millóns de pesetas (2.683.000.000 de ptas.).

Artigo 1

1. Ó persoal ó que se refire o título II da Lei 15/1991, do 28 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992, que estivese en servicio activo durante 1992, excluído o citado no artigo 6, apartado primeiro, aboaráselle, para compensala perda do poder adquisitivo en Galicia, unha paga equivalente ó 0,09524% das súas retribucións polos seguintes conceptos:

a) Persoal ó servicio da Administración pública non sometido á lexislación laboral:

Total de retribucións devengadas correspondentes a 1992 con excepción de:

— Paga de carácter excepcional establecida pola Lei 2/1992, do 17 de marzo.

— Complemento familiar.

— Complementos persoais e transitorios.

— Indemnizacións por razón do servicio.

— Cantidades percibidas en concepto de acción social.

b) Persoal laboral:

Tódalas retribucións devengadas correspondentes a 1992 con excepción de:

— Paga de carácter excepcional establecida pola Lei 2/1992, do 17 de marzo.

— Percepcións económicas en especie.

— Cantidades percibidas en concepto de acción social.

— Complemento familiar.

2. A percepción da paga a que se refire este artigo será incompatible con calquera outra medida compensadora de desviación de prezos ó consumo establecida para 1992.

3. Os complementos persoais e transitorios que puidese ter recoñecidos o persoal a que se refire este artigo non serán absorbidos pola paga establecida no mesmo.

Artigo 2

1. Con efectos do 1 de xaneiro de 1993, o incremento das retribucións respecto de 1992 do persoal en activo ó servicio da Administración da Comunidade Autónoma a que se refire o título II, con excepción do citado no artigo 5, apartado primeiro, e na disposición transitoria primeira da Lei 14/1992, do 29 de decembro, de

presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1992, establécese nun 1,8% unha vez aplicada a estas últimas a cláusula de revisión salarial a que se refire o artigo 5, apartado Catro, da Lei 15/1991, do 28 de decembro, e regulada no artigo 1 desta lei.

2. De acordo co anterior, tódalas contías dos conceptos retributivos que se detallan no citado título II, excepto as referidas no artigo 5, apartado primeiro, experimentarán un incremento do 1,8969%.

3. Os complementos persoais e transitorios e demais retribucións que teñan análogo carácter, así como as indemnizacións por razón do servicio, rexeranse polas súas normativas específicas sen que lles sexa aplicable o aumento do 1,8% previsto nesta lei.

Artigo 3

1. Para darlle efectividade ó disposto nos artigos anteriores, concédese un crédito extraordinario por importe de dous mil seiscientos oitenta e tres millóns (2.683.000.000) de pesetas, na sección 23, «Gastos de diversas consellerías», servicio 02, «Dirección Xeral de Presupostos», programa 531B, «Imprevistos e funcións non clasificadas», concepto 120.20, para atende-las retribucións previstas nesta lei, que terá a natureza de ampliable, ata o importe das obrigas que efectivamente se recoñezan no presente

exercicio ó abeiro do disposto nesta lei.

2. Os órganos da Xunta que dispoñan de crédito suficiente no seu presuposto de gastos, unha vez deducidas as obrigas de persoal do presente exercicio, financiarán o custo das medidas a que se refiren os artigos 1 e 2 con cargo ó seu propio presuposto. Así mesmo, os organismos autónomos que dispoñan de financiamento suficiente atenderán con cargo ó mesmo o custo das citadas medidas, despois da habilitación do crédito necesario.

3. O dito crédito extraordinario financiarase con cargo ós maiores ingresos que se produzan como consecuencia da liquidación definitiva da porcentaxe de participación da Comunidade Autónoma nos ingresos do Estado.

4. A Consellería de Economía e Facenda poderá autorizar transferencias de crédito ás distintas seccións do presuposto de gastos da Comunidade Autónoma, con cargo ó crédito citado no apartado 1 deste artigo, sen que resulten aplicables as limitacións establecidas no artigo 68 da Lei 11/1992, do 7 de outubro, de réxime financeiro e presupostario de Galicia. Así mesmo, poderá autorizalas xeracións de crédito que procedan no estado de gastos dos organismos autónomos.

Artigo 4

Os créditos correspondentes ó

Servicio Galego de Saúde ampliarase na contía necesaria para atende-la paga de compensación e o incremento retributivo a que se refiren os artigos 1 e 2 desta lei.

A dita ampliación financiarase con cargo á súa participación na desviación no presuposto do INSALUD e sen prexuízo do disposto no apartado i) do artigo 3 da Lei 14/1992, do 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma para 1993.

Disposición adicional

Nos centros públicos concertados serán aplicables os módulos económicos a que se refire o anexo 5 do Real decreto-lei 1/1993, do 8

de xaneiro, sobre medidas urxentes en materia de gastos de persoal activo, así como o previsto no artigo 13.1 da Lei 39/1992, do 29 de decembro, de presupostos xerais do Estado para 1993, no que non resulte modificado polo citado real decreto-lei.

Disposición derradeira

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ó da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de abril de 1993

Manuel Fraga Iribarne
Presidente